



APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES

PROXECTOS COLECTIVOS EMPRESARIAIS

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) incrementou nun trinta por cento o orzamento destinado ás súas axudas á mellora da competitividade das empresas galegas a través de proxectos colectivos, o que supón que nesta convocatoria correspondente ao 2010 se superan os tres millóns de euros. Ademais, como novidade, os beneficiarios poderán cobrar anticipos do cincuenta por cento sen necesidade de presentar garantías.

Outra diferenza respecto de convocatorias anteriores foi a inclusión de dúas novas liñas de incentivos: unha para apoiar a inmersión profesional en empresas ou centros tecnolóxicos foráneos para facilitar así a cualificación do persoal das pemes galegas e outra para a elaboración de diagnósticos e plans estratéxicos sectoriais.

Estas súmanse ás outras catro liñas contempladas na mesma orde (DOG do 20 de abril): para iniciativas abertas de difusión, como xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios de fomento da innovación e a competitividade ou congresos, eventos expositivos e encontros empresariais entre emprendedores e investidores privados; para deseño corporativo compartido; de formación empresarial en áreas concretas de xestión e organización empresarial dirixida a directivos, mandos intermedios ou persoal técnico de pequenas e medianas empresas; e de intercambio de experiencia para a xeración de proxectos de innovación cooperativos.

O prazo para solicitálas finaliza o 20 de maio.

Máis convocatorias vixentes. Trátase das axudas que a Consellería do Medio Rural concede ao investimento en transformación e comercialización de produtos agrarios. Son medidas de apoio ao desenvolvemento das instalacións dedicadas a estas actividades que posibilitan a viabilidade das explotacións agrarias, dando valor engadido ás producións e facilitando o seu acceso aos mercados, fomentando ademais a creación e o mantemento de postos de traballo e, en definitiva, beneficiando ao tecido económico das zonas rurais. O prazo de solicitude péchase o 5 de maio.

Por outra banda, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) abriu dúas novas convocatorias de subvencións: para o desenvolvemento e a produción de contidos interactivos en lingua galega, con prazo ata o 8 de maio; e, con máis marxe de tempo, para a amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego, con prazo ata o 15 de setembro.